





Sociedade Galega de Historia Natural

Apartado 330  
15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
(Galicia)



Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio  
Xunta de Galicia  
Santiago de Compostela

Accolléndose ó disposto na Directiva Europea 90/313 sobre liberdade de acceso á información en materia de Medio Ambiente, e nas súas respectivas transposicións á normativa estatal e autonómica, a Sociedade Galega de Historia Natural solicita a V.E. información sobre:

1. Os criterios da Consellería de Industria para encargar á empresa privada APASA-GAMESA (coa súa sé social na rúa Portal de Gamarra nº 40, Vitoria) a realización do proxecto de Ordenamento Eólico da Comunidade Autónoma de Galicia, tamén denominado Plano Eólico Estratéxico de Galicia, que conleva implicacións económicas, ecolóxicas, sociais e empresariais moi importantes, en lugar de realizalo a Consellería cós seus propios medios ou en colaboración coas Universidades e Centros de Investigación galegos.
2. As medidas adoptadas pola Consellería de Industria, si as houbera, para salvagardar ó interese público galego e para garantir que a empresa GAMESA non se convirta en xuíz e parte ó ser redactora do Plano Eólico Estratéxico da Xunta de Galicia e ter fortes intereses privados no desenrolo do sector eólico galego: GAMESA ten aprobado (DOG nº 51, de 12-03-96) o maior Plano Eólico Estratéxico empresarial de Galicia para unha potencia instalable de 600 Mw (o 22% da aprobada ata agora).
3. Os criterios obxectivos de calidade seguidos pola Consellería de Industria para aceptar o Plano Eólico Estratéxico de Galicia elaborado por GAMESA pois, a todas luces, o seu enorme volumen (11 tomos) non se corresponde có parco, mediocre e defraudante contido. Como exemplo podemos poñer o tomo de conclusións; así, das súas 146 páxinas:
  - 13 (8,9%) están en branco,
  - 20 (13,7%) son páxinas de títulos cun promedio de 2,3 verbas/páxina,
  - 94 (64,4%) son páxinas de texto cun promedio de 87 verbas/páx. (o equivalente a 7-8 liñas de texto cuns márxenes e un tipo de letra normais), e 8 delas adícanse a repetir sensiblemente o listado de espazos naturais das Normas Complementarias e Subsidiarias do Planeamento Urbanístico realizadas pola Xunta de Galicia.
  - 19 (13,0%) conteñen táboas de datos, pero 8 destas táboas conteñen información repetida ou redundante (por exemplo a superficie de tódalas áreas expresadas en m<sup>2</sup>, km<sup>2</sup> e hectáreas).
4. O custo económico do contrato con GAMESA para a realización do Plano Eólico Estratéxico da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 1996  
O Secretario,

Agustín Alcalde Lorenzo

Vº e prace o Presidente,

Serafín González Prieto